

PLAN DE IGUALDADE

CEIP VILAVERDE- MOURENTE

2019

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 12/11/2019
DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 12/11/2019

O presente plan revisarase conxuntamente co PE.
Cada ano elaborarse unha concreción anual que se incluírá na PXA.

DATA 1ª REVISIÓN:
DATA 2ª REVISIÓN:

TÁBOA DE CONTIDO.....	2
1. INTRODUCCIÓN	3
2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.....	4
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO	5
4. OBXECTIVOS.....	7
4.1 PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES.....	8
4.2. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.....	9
4.3. PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL.....	9
4.4. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTIFOBIA.....	9
5. MEDIDAS.....	9
5.1. MEDIDAS ORGANIZATIVAS.....	12
5.2. ELIMINACIÓN DE ESTEREOTIPOS.....	13
5.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E DAS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN PROFESIONAL.....	13
5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES DE IGUALDADE E COEDUCACIÓN NA CONVIVENCIA ESCOLAR.....	13
6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.....	14

1. INTRODUCCIÓN

Este plan de igualdade foi deseñado de acordo coa instrución do 6 de setembro de 2019, da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa. Formará parte do PE do centro e desenvolverase anualmente no marco da PXA.

A igualdade entre homes e mulleres debe rexer como principio inquebrantable nas sociedades democráticas.

O presente plan basearase nos principios de valores democráticos (igualdade, liberdade e xustiza), transversalidade, inclusión (erradicación de calquera situación de discriminación por razón de sexo, xénero, identidade de xénero e orientación sexual), igualdade de oportunidades (na que homes e mulleres teñan as mesmas oportunidades de realización persoal, académica, social e profesional) e visibilidade (facer aprender os coñecementos libres de estereotipos e con modelos adecuados de presenza feminina nos ámbitos diversos do saber)

O CEIP Vilaverde leva realizando actuación a prol da igualdade dende hai varias décadas, no deseño do seu primeiro proxecto educativo xa aparecía entre as liñas de identidade a de coeducación, liña que nunca deixou de estar presente nos sucesivos documentos de centro.

No noso centro pensamos que a igualdade, o respecto ás diferenzas, non discriminación e o rexeitamento da violencia sexista deben formar parte do que facer educativo, debe contemplarse de xeito conxuntualizado, non illadamente ou puntualmente senón integradamente nos diferentes ámbitos e tarefas do centro, inducindo á reflexión, incidindo na sensibilización cara a temática en toda a comunidade escolar (con charlas, lecturas, deseño de folletos, con entradas específicas nos blogs do centro,...), analizando o currículo oculto e tentando facelo explícito.

Contamos no centro con 447 alumnos e alumnas (236 nenos e 211 nenas), 18 grupos, 12 de E. Primaria e 6 de E. Infantil, 2 grupos por nivel. Rateo por aula 25; excepto en 4ºB de E. Infantil son 24, en 2ºA de E. Primaria son 24, en 4º A de E. Primaria son 24, en 5ºA de E. Primaria son 26 e en 6º A de E. Primaria son 24. A maioría do noso alumnado procede da parroquia de Mourente e da parte leste da cidade de Pontevedra, tamén contamos con alumnado estranxeiro procedente de Marrocos, 4 nenas e 4 nenos, e procedente de familias de orixe de distintos países de América do Sur, 5 nenas e 3 nenos.

Nº DE NENOS E NENAS POR AULA CURSO 2019 - 2020

CURSO	NENOS	NENAS
4º INFANTIL A	13	11
4º INFANTIL B	14	11
5º INFANTIL A	11	14
5º INFANTIL B	12	13
6º INFANTIL A	14	11
6º INFANTIL B	14	11

1º A	16	9
1º B	14	11
2º A	12	12
2º B	14	11
3º A	11	14
3º B	10	15
4º A	10	14
4º B	13	12
5º A	15	11
5º B	14	11
6º A	13	11
6º B	13	12
TOTAL ALUMNADO	233	214

O Claustro do centro está formado por 30 mestres e mestras, vinte e oito mulleres e dous homes, habendo dous titores ou dúas titoras por nivel, unha especialista en Música, dúas especialistas en Educación Física, dúas en Lingua Estranxeira (Inglés), dúas en Pedagogía Terapéutica, unha en Relixión Católica e unha en AL Tamén contamos cunha especialista en AL compartida con outro centro do concello e un especialista en Relixión Evaxélica tamén compartido. En canto ao persoal non docente temos tres coidadoras, un conserxe e unha auxiliar administrativa.

A composición do claustro é 93 % mulleres e 7 % homes. Os cargos de responsabilidade no centro están cubertos nun 85 % por profesoras e nun 15 % por profesores, pero os cargos de responsabilidade son asumidos por un 40% das mulleres do claustro e por un 100% dos homes. A representación numérica nos cargos de responsabilidade é a seguinte:

Equipo directivo: 3 mulleres. Coordinacións de ciclo: 4 mulleres. A coordinadora Tic's é unha muller e as coordinadoras de actividades complementarias, biblioteca, dinamización lingüística e a xefa do departamento de orientación, tamén o son. O coordinador Abalar/Edixgal é un home e o coordinador do PROA tamén.

Consello escolar: 12 mulleres e 1 home, sendo este representante das familias.

Na administración: unha muller. No servizo de limpeza: 2 mulleres

2. CONTEXUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

Este plan de igualdade enmárcase lexislativamente en:

- Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

e máis concretamente en

Ámbito estatal:

- Constitución (artigos 9.2 e 14)
- Real Decreto 1686 /2000 do 6 de outubro
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 3/2007, do 15 de marzo
- Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo. Título IV (artigos 23 e 24)

Ámbito autonómico:

- Estatuto de Autonomía de Galicia (1981). Artigo 4.1
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Leipolaigualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia (2014)
- Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro: Convivencia e participación da comunidade educativa
- Decreto legislativo 2/2015 de 12 de febreiro. Capítulo IV: A educación e a formación para a igualdade entre homes e mulleres
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (abril 2016)

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO

A un nivel básico podemos dicir que no centro:

- Usamos linguaxe non sexista na cartelería e documentos do centro (boletíns, comunicacións ás familias, avisos internos, actas,...)
- Existiu no Consello escolar unha persoa responsable en materia de igualdade
- Temos deseñadas medidas para abordar condutas contrarias á convivencia de calquera tipo.
- Realizamos actividades relacionadas coas celebracións ao redor do 25 de novembro, 8 de marzo, 11 de febreiro,...
- Realizamos actividades diversas con perspectiva de xénero.
- Fixemos algunha actividade formativa a nivel de centro como Proxecto RELACIONA en Galicia co que se realizara un diagnóstico previo da situación de igualdade no centro.
- Formamos parte dun PFPP relacionado coa educación emocional e a promoción STEM que de maneira transversal recolle a perspectiva de xénero.
- Solicitamos a modalidade Iguálate nos programas de acompañamento deste curso 2019-2020

A un nivel intermedio:

- Usamos linguaxe non sexista nos documentos oficiais (PAD, PXA, PAT, PE, CONCRECIÓNS CURRICULARES, NOFC,...) e no PE aparece a liña educativa como un principio educativo relevante.
- Tentamos presentar os datos desagregados por sexos para visibilizar ás nenas e mulleres.
- Facemos propostas de actividades sobre a prevención da violencia de xénero, sobre o fomento da igualdade, sensibilización cara á evitación de estereotipos de xénero,...

- Temos deseñado un programa de educación afectivo sexual e nos últimos cursos traballamos sistematizadamente a educación emocional
- Na selección de libros de texto (ata o presente curso, no que non hai libros de texto nos diferentes niveis) unha liña de análise é a relacionada coa presenza/ausencia de estereotipos e de equilibrio nos roles amosados por figuras femininas e masculinas, así como a presenza de mulleres ao longo da historia e das actividades en diversas áreas.
- Promovemos o coñecemento das mulleres e as súas achegas vinculadas a temas científicos, tecnolóxicos, deportivos, musicais,...

A un nivel máis avanzado

- Tentamos un uso oral cotiá de linguaxe non sexista nas aulas, nos claustros, nasxuntanzas
- Aumentamos os fondos da biblioteca en temáticas relacionadas coa igualdade, o empoderamentofeminino e promovemos a animación lectora destes textos.
- Analizamos os conflitos cun rexistro de conflitos que permitirá analizar con perspectiva de xénero os conflitos e a súa tipoloxía
- Analizamos os espazos con perspectiva de xénero o que nos permitiudeseñar recreos inclusivos, eliminar actividades que supuñanunha ocupación excesiva de determinado sexo dos espazos de patio, traballar nos recantos de aula cun sentido rotatorio e de quendas potenciando a igualdade entre os sexos.
- Cada curso introducimos no cartafol de acollida do profesorado documentos que incidan sobre a perspectiva de xénero no centro e subliñámolo na primeiraxuntanza de acollida.
- Nos diferentes proxectos de aula e propostasténtase a inclusión da perspectiva de xénero.
- Difundimos as actividades coeducativas realizadas a través dos blog, murais, carteis,...

Na documentación do centro

- Nos obxectivos da PXA temos:“Profundar en aspectos relacionados coa igualdade de xénero entre a comunidade educativa”.
- No Plan de Acción Titorial do centro aparecen actuacións nos tres ciclos relacionadas coa igualdade. Entre as funcións das titorías recolleemos a de introducir temas transversais, e dentro destes a coeducación. Dentro dos programas das titorías fomentar os valores de igualdade de xénero.
- No plan de Atención a diversidade incluímos o deseño de programas de prevención do acoso e a desigualdade de xénero.Dentro do cronograma de actuacióndeste plan aparece:

“Incorporación ao traballo das titorías de novas actividades relacionadas coa aprendizaxe de valores: igualdade, relacións interpersoais, sociabilización, emocións,...

“Deseño de actividades relacionadas cos valores a realizar en cada trimestre: os dereitos das nenas e dos nenos, os dereitos humanos, loita contra o maltrato de xénero.“

“Deseño de proxectos e propostas relacionados coa potenciación de valores de saúde, igualdade entre os sexos e paz, relacionadas cos centros de interese a traballarneste trimestre do curso.”

“Elaboración de actividades relacionadascoaresolución de conflitos e prevención do acoso, así como sobre a xestión das emocións”.

-Na Concreción Curricular :

No tratamento dos elementos transversais das áreas, un deles é a igualdade entre os xéneros

Nos criterios para deseñar e seleccionar as actividades complementarias e extraescolares temos que sexan actividades inclusivas e que teñan enfoque de xénero.

Na organización dos agrupamentos, a paridade entre nenos e nenas.

-No Plan de Convivencia:

Entre os obxectivos específicos temos: “Fomentar actividades ao redor das celebracións (medioambiente, consumo, paz, igualdade, dereitos...) relacionadas con valores sociais a reflexión”.

Recole actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.

Recole actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

Nos programas a tratar nas sesións de titoría: Identidade de xénero e identidade sexual.

No establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento: “Actos de discriminación contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, ideoloxía, discapacidade,...” Tanto dentro das faltas leves como graves.

Entre as funcións da comisión de convivencia do centro temos: “Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos”.

4. OBXECTIVOS

Entre os obxectivos que consideramos prioritarios para o CEIP Vilaverdesinalamos:

- Recoller na renovación do PE do centro o principio de igualdade e redactar obxectivos de igualdade e coeducación, profundando máis nas concrecións do mesmo.
- Incluir de xeito explícito nas programacións a perspectiva de xénero de xeito que recollan o que se está a realizar de maneira implícita
- Manter no PAT e PAD a perspectiva de xénero
- Profundar na perspectiva de xénero na resolución de conflitos recollida no NOFC facendo efectivos os rexistros como primeira medida de actuación
- Especificar no Plan de convivencia os protocolos en caso de violencia machista, sexista, lgbtifobia,...
- Seguir promovendo currículos igualitarios que recollan as achegas feitas polas mulleres ao longo da historia nos diversos eidos, evitando a visión androcéntrica nos contidos verbais e iconográficos e promovendo un uso

adecuado da linguaxe non sexista en todos os eidos. Amosar identidades igualitarias diversas que permitan amosarnos novos modelos de diversidade sexual e familiar.

- Nomear, dentro do Consello Escolar, a unha persoa responsable en materia de igualdade: D^a Azucena Arias Correa.
- Profundar en aspectos relacionados coa igualdade de xénero entre a comunidade educativa.
- Profundar no desenvolvemento dos recreos inclusivos, como medio para impulsar a igualdade de xénero nos xogos e actividades de lecer e, ao longo de todo o curso.
- Mellorar o clima escolar e as relacións entre os membros da comunidade educativa, a interrelación entre o alumnado de diferentes niveis e idades, o desenvolvemento de valores que fomenten a igualdade entre homes e mulleres e a prevención da violencia en xeral e de xénero en particular.
- Fomentar o gusto pola ciencia e tecnoloxía dentro do ámbito STEM entre as nenas co uso do laboratorio, do horto escolar, da robótica e do espazo maker.
- Ampliar o fondo bibliográfico da biblioteca do centro de cara a proporcionar a todo o alumnado modelos, biografías e historias de mulleres en ámbitos diversos, así como proporcionar lecturas que amosen modelos femininos non estereotipados, precisamos aumentar biografías, monografías, contos, cómics,...
- Axudar no deseño de tarefas, proxectos e actividades dirixidas á sensibilización cara ás desigualdades derivadas das condicionantes de xénero, orixe, etnia, capacidade, características físicas, ... ben dentro dos centros de interese deseñados neste curso para o centro, ben como elementos puntuais ao longo do curso e con motivo das conmemoracións oficiais. Fomentar a participación en obradoiros relacionados coa temática nos diferentes niveis.
- Seguir deseñando accións cara á prevención do acoso, das desigualdades de xénero e da violencia de xénero de acordo cos protocolos publicados pola Xunta e achegando materiais e propostas de traballo desde o período de acollida.

4.1. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES

- Fomentar nos recreos inclusivos xogos que promovan a igualdade entre os sexos a favor da igualdade de xénero tanto nos xogos como na distribución de espazos.
- Continuar desenvolvendo valores que fomenten a igualdade entre homes e mulleres a partir de contos e artigos, análise da publicidade, ..., inclusión nos proxectos de modelos positivos femininos no ámbito da tecnoloxía, ciencia, historia, literatura, ... afectivo-sexual.
- Seguir potenciando o uso non discriminatorio da linguaxe e da imaxe no centro en documentos e cartelería.
- Ampliar os materiais e actividades do laboratorio e espazo maker que estimulen un maior acceso das nenas á ciencia e á tecnoloxía.
- Continuar coa visibilización da muller nos proxectos de aula e de centro.

- Seguir elaborando folletos sobre xogos e xoguetes non sexistas na campaña de Nadal.
- Continuar coa lectura de contos que traballen a igualdade/ emocións.
- Ampliar a exposición permanente sobre o papel da muller en diferentes ámbitos da sociedade.
- Seguir fomentando a linguaxe non sexista en documentos, cartelería...
- Realizar exposicións temáticas na biblioteca do centro
- Continuar coa organizacióndos espazos do centro que promovan a participación, que sirvan de modelo de integración e que permitan un reparto igualitario no seu uso.
- Seguir coa programación de actividades complementarias e extraescolares que representen os intereses e necesidades tanto das rapazas coma dos rapaces.

4.2. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

Traballar, como todos os cursos, na prevención da violencia de xénero a partir do deseño de proxectos, unidades didácticas, libros, vídeos,...

Formar, a través da educación emocional, para a axeitada xestión dos conflitos e prevención da violencia de xénero.

Detectar micromachismos e sexismos nas aulas e correxilos.

Loitar contra os estereotipos en recantos, horto escolar, laboratorio, patio,...

4.3. PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL

Continuar traballando nas titorías a educación afectivo-sexual tendo en conta as distintas orientacións sexuais recoñecidas.

4.4. PREVENCIÓN DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTIFOBIA

Detectar e intervir en casos de LGBTIfobia e traballar no ámbito

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN

Para acadar os obxectivos tentaremos, tal como dixemos na introdución que o que se realice sexa:

- *De xeito contextualizado.*
- *Non illadamente ou puntualmente, senón integradamente nas diferentes tarefas e ámbitos do centro.*
- *Inducindo á reflexión.*
- *Incidindo na sensibilización cara á temática en toda a comunidade escolar (con charlas, lecturas, deseño de folletos, grupos de debate, entradas específicas na web do centro ou no blog,...).*
- *Analizando o currículo oculto e tentando facelo explícito.*

Actuaremos a nivel de centro, de aula, de equipos e servizostendo presente sempre:

- *A linguaxe usada, que debe abranguer a homes e a mulleres.*
- *A promoción de xogos e xoguetes non sexistas, non asignados en función do sexo.*

- *A organización de espazos do centro que promovan a participación, que sirvan de modelo de integración e que permitan un reparto igualitario no seu uso.*
- *A expresión adecuada dos sentimentos, o control dos impulsos e da ira, a independencia afectiva,..*
- *A toma de decisións.*
- *A valorización do traballo doméstico e a non división sexual do traballo.*
- *O rexeitamento do uso indebido do corpo da muller na publicidade, no cine, nas cancións,...*
- *O tempo de lecer e a inclusión.*

A NIVEL DE CENTRO:

- Incluindo estes aspectos no **PROXECTO EDUCATIVO** do centro:

decisións de centro que colaboren na promoción da igualdade e non violencia, relacións que se establecerán coas familias e coas institucións relacionadas coa non discriminación e a igualdade, modelo de organización participativa de centro, a educación para a igualdade e a non violencia no currículo de centro, a potenciación da autoestima e autocontrol, o desenvolvemento de habilidades sociais, normas de convivencia negociadas.

Recollerá sobre todo os valores que o centro potenciará e como fará o tratamento da educación en valores, os obxectivos e prioridades de actuación do centro, a distribución das actividades extraescolares, a concreción destes aspectos no currículo de centro, a atención á diversidade.
- Incluindo no **PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**: Un adecuado Plan de acollida que traballe as normas, a resolución de conflitos na aula, o fomento da non violencia, o desenvolvemento de estratexias para o traballo en valores non discriminatorios, a planificación de actividades e actuacións dende a titoría (puntuais e sistemáticas), a organización da aula, o reparto igualitario de roles, o nomeamento de encargada e encargado, a xestión dos tempos, o deseño dun programa afectivo-sexual adecuado, o debate sobre os antivalores (machismo, sexismo, clasismo, racismo,...),
- Incluindo no **PLAN DE CONVIVENCIA** (previa análise da situación no centro desvelando a violencia escolar e a súa posible marca de xénero con rexistros de condutas e conflitos en cada aula) as medidas, preventivas para mellorar a convivencia e as medidas de intervención e actuación no centro ante os conflitos e as condutas inadecuadas, todo dende un punto de vista de xénero. No plan recolleranse as **NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**, evitando calquera tratamento sexista na orde formal (diferenciar vestuario, localización na aula, tempos de atención...), ou disciplinar.
- No **POE**, facendo fincapé na promoción de valores relacionados coa igualdade, nunha orientación profesional dende unha perspectiva de xénero, promovendo no centro un traballo naqueles aspectos que dificultan unha elección profesional adecuada (baixa autoestima, as presións familiares, as convencións sociais, ...), un desenvolvemento persoal adecuado (autoconfianza, independencia, responsabilidade, autonomía,...) recollendo recursos diferenciados para desenvolver unha actuación adecuada nestes eidos.

CO PROFESORADO

Traballo de sensibilización de cara a :

- Realizar unha análise de xénero, cuestionarse os modelos impostos polos roles tradicionais, abrir abano de posibilidades diversas a nenas e nenos.
- Ter unha visión crítica dos materiais escolares e detectar a reprodución de estereotipos.
- Realizar as transformacións necesarias nos documentos e rótulos de centro e aula.
- Revisar as propias condutas e expectativas diante de condutas concretas de nenos e nenas.
- Non esquecer implicar ás familias na educación en valores.
- Ser modelo para o alumnado.

Analizar currículo oculto

DENDE OS SERVIZOS ADMINISTRATIVOS DO CENTRO

- Uso coidadoso e sistemático da linguaxe administrativa non sexista seguindo suxestións de organismos nacionais e internacionais neste senso.
- Documentos de centro, web do centro, blogs,... na linguaxe non sexista
- Administración de datos desagregados por sexos.

NAS RELACIÓNS COAS FAMILIAS

- Información dos obxectivos do centro con respecto á igualdade nas xuntanzas de principio de curso.
- Realización de suxestións sobre xoguetes, distribución de tarefas, lecturas,... con folletos e entradas nos blog
- Información a través dos plans de acollida das familias e do blog de valores sobre expectativas, roles, os contos que se contan, a transmisión de estereotipos, a publicidade e a imaxe, responsabilidades, fomento da autonomía, establecemento de normas, autocontrol, ...

A NIVEL DE AULA E OUTROS ESPAZOS

- Colaboración na avaliación inicial da situación no centro respecto da igualdade.
- Proposta de modelos alternativos positivos, visibilizando as achegas das mulleres nos diferentes ámbitos do saber.
- Compartición de responsabilidades e tarefas.
- Fomento da participación das nenas.
- Axuda e orientación ao alumnado a desentrañar mensaxes discriminatorias, violentas, sexistas, ...
- Traballo coa prensa e debatendo sobre feitos cotiás de xeito que non pasen ao subconsciente como normais.
- Actuación sobre calquera conato de violencia verbal, física ou psicolóxica. Evitación de que o cotiá destes comportamentos poida levar consideralos normais. Visibilización do problema a través de rexistros de condutas para poder actuar conxuntamente.
- Establecemento de tempos periódicos de debate nas horas de titoría sobre condutas, promover a mediación de conflitos. Ter espazos para analizar, aprender a pensar, descubrir, ...

- Promoción na aula o respecto, a igualdade dentro da diversidade e a diferenza, o espírito crítico.
- Potenciación da expresión das emocións, da afectividade e dos sentimentos (utilizando canles adecuadas).
- Fomento de valores de colaboración e cooperación.

NA BIBLIOTECA

- Achegamento de recursos non sexistas.
- Recolleita de coleccións, vídeos, folletos, ... relacionados coa educación en valores.
- Promoción de animacións lectoras de libros que permitan reflexionar sobre a igualdade, a non discriminación,...

NO PATIO

- Promoción da ocupación de espazos igualitaria e inclusiva.
- Análise da situación de violencia e conflito, observando aquelas que teñan nesgo de xénero e promovendo intervencións apropiadas.
- Actuación sobre calquera conato de violencia verbal, física ou psicolóxica. Evitación de que o cotiá destes comportamentos poida levar consideralos normais.
- Promoción de xogos e actividades deportivas inclusivas.

NA AULA DE INFORMÁTICA, ESPAZO MAKER, DE TEATRO,...

- Fomento de idéntico acceso.
- Achegamento de webs e xogos axeitados.
- Convite ao alumnado a ser crítico cos contidos verquidos.
- Promoción dun uso adecuado, saudable e libre de perigos.
- Potenciación e fomento da competencia dixital sen deixarse influír por estereotipos ou expectativas.
- Fomento do acceso de nenas e nenos ás diversas actividades.

Propoñemos, ademais de profundar e manter as medidas xadeseñadas no centro e fomentadas con anterioridade as seguintes:

5.1. MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- Seguir favorecendo a representatividade de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación do centro.
- Seguir mantendo unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar
- Difundir o plan entre a comunidade escolar
- Promover a formación da comunidade escolar no ámbito da igualdade
- Manter o uso de linguaxe inclusiva nos diferentes ámbitos do centro, uso de guías de uso non sexista da linguaxe de ser preciso. Usar a ferramenta de análise para detectar uso de linguaxe non inclusiva no caso de necesitarse <http://analisis.themis.es/>
- Seguir deseñando actividades e propostas relacionadas coas datas de 25 de novembro, 8 de marzo, 11 de febreiro, ... tal como se recolle no documento de centros de interese a traballar durante o curso escolar no centro.

- Continuar co traballoo redor do programa afectivo-sexual e programa de educación emocional.
- Manter a perspectiva de xénero na revisión do material e recursos didácticos empregados no centro
- Manter actualizados os documentos de centro e profundar nos obxectivos e medidas relacionados coa igualdade e a non discriminación
- Organizar os espazos do centro que promovan a participación, que sirvan de modelo de integración e que permitan un reparto igualitario no seu uso
- Cumprir o principio de paridade nos agrupamentos das clases.

5.2. ELIMINACIÓN DE ESTEREOTIPOS

- Continuar revisando coma nestes cursos pasados as programacións e os materiais dende unha perspectiva de xénero que inclúa curricularmente as achegas femininas nas diferentes áreas e temáticas.
- Profundar nas actividades de sensibilización na aula de cara a recoñecer e eliminar os estereotipos e micromachismos: análise publicidade, análise contos, análise de noticias, análise de cancións, análise de películas, ...
- Manter o deseño de actividades, unidades e proxectos que recollan contidos variados con perspectiva de xénero: a corresponsabilidade no traballo doméstico, aprendizaxe da non violencia, análise crítica dos xoguetes e xogos, recoñecemento das emocións, a formación en habilidades sociais, os mios do amor romántico, visibilización de mulleres nos diversos ámbitos laborais e do saber, ...

5.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E DAS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN PROFESIONAL

- Profundar no uso igualitario do uso e reparto dos espazos do centro.
- Seguir promovendo lecturas coeducativas dende a biblioteca e EDL do centro, incluíndo lecturas con perspecliva de xénero para os clubs de lectura e para as diferentes actividades de animación lectora.
- Empregar novas, películas, libros, etc de actualidade para reflexionar sobre a necesidade de traballar a prol da igualdade
- Profundar nas actividades de vilaxogos relacionadas cos patios inclusivos deseñados no curso anterior.
- Promover a cooperación e as actividades igualitarias nos espazos informáticos, laboratorio, horto escolar e maker do centro.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades de coidado, titorización, monitorización, artísticas, tecnolóxicas, científicas, deportivas, de colaboración en festexos, de mantemento e coidado do horto escolar, de axudas na biblioteca,...

5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES DE IGUALDADE E COEDUCACIÓN NA CONVIVENCIA ESCOLAR

- Promover a corresponsabilidade nas tarefas docentes de centro e de aula
- Seguir profundando en actividades cooperativas e metodoloxías participativas na aula e no centro.

- Diseñar propostas de mediación, resolución de conflitos, xestión emocional,... con perspectiva de xénero.
- Seguir traballando a prol do respecto á diversidade en calquera das súas manifestacións.
- Profundar nas actividades que preveñan calquera tipo de acoso ou ciberacoso.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Avaliarase cada trimestre nas sesións de avaliación.

Recollerase na memoria final de curso xunto coas melloras de cara ao curso seguinte (os datos permitirán a abordaxe de propostas de mellora completando, modificando, substiúndoo obxectivos). Os datos recolleranse desagregados por sexo.

Como se avalía:

- Observación continuada
- Valoración das actividades realizadas
- Xuntanza final de curso dos equipos e claustro que inclúa como punto de debate o relacionado coa perspectiva de xénero.

Avaliarase

- A estrutura do plan: logros, dificultades, deseño
- Capacidade de sensibilización e resistencias
- Implicación do profesorado
- Implicación das familias
- Implicación do alumnado
- As Actividades : Eficacia, Grao de dificultade ao implementalas, Como melloralas
- A presenza da perspectiva de xénero nos documentos
- O cumprimento dos obxectivos
- As dificultades atopadas
- Os recursos empregados
- A inclusión da perspectiva de xénero no currículo desenvolvido no centro

Instrumento:

Unha rúbrica axudaranos:

INDICADOR	NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 2	NIVEL 3
Responsable de igualdade no Consello	Non hai	Hai pero non xestiona	Hai e xestiona	Hai, xestiona e propón.
Formación	Non houbo	Algunhas persoas formáronse	Existe un grupo que se formou	Houbo formación de centro
Linguaxe incl usiva	Non se usa	Úsase nalgún nivel	Úsase a nivel administrativo	Úsase sempre
Introdución da	Non hai	Hai nalgunhas	Hai	Hai en

perspectiva de xénero nos proxectos e actividades do centro		actividades e aulas	nalgúnhas actividades en todas as aulas	todas as actividades, proxectos e traballos de aula
Nos espazos	Non se ten en conta a diversidade de xénero	Tense en contanalgúnes pazos do centro	Tense en contan algúns espazos do centro a nivel ocupación	Tense en conta nos espazos do centro a nivel ocupación e actividades
Nas actividades de aula	Non se ten en conta a diversidade de xénero	Tense en contan algunhas das actividades algunhas aulas.	Tense en conta bastantes actividades na metade das aulas	Tense en contan a maioría das actividades na maioría das aulas.
As actividades deseñadas	Non foron eficaces e/ou eran de difícil implementación	Non foron eficaces pero eran de fácil implementación	Tiveron algunha eficacia e foron de fácil implementación	Resultaron eficaces e de fácil implementación
Nos documentos de centro	Non se ten en conta a diversidade de xénero	Tense en conta nalgúns documentos	Tense en conta na maioría documentos	Tense en conta en todos os documentos
Cumprimento dos obxectivos	Ningún	Baixo (20%)	Medio (50%)	Alto (do 70 ao 100%)
Implicación das familias	Ningunha	Baixa	Media	Alta
Implicación do alumnado	Ningunha	Baixa	Media	Alta
Implicación do profesorado na implementación e deseño	Ningunha	Baixa (a terceira parte do profesorado)	Media (entre o 50 e o 70%)	Alta (entre o 70 e o 100%)
Os recursos empregados	Eran insuficientes	Había recursos, pero cumpríralos diversificarlos	Había recursos diversificados pero poderían ampliarse máis.	Había recursos abondo, diversificados e multiniveis
O plan de igualdade	É deficitario en estrutura	Ten a estrutura adecuada, pero	Precisa profundar en	É adecuado ao centro

	e contido	deberían mellorarse varios aspectos	obxectivos e medidas	tanto nos aspectos que recolle como na estrutura e datos
--	-----------	-------------------------------------	----------------------	--

NOVEMBRO 2019